



Biblioteca Xosé  
Neira Vilas  
Concello de Vigo

CONCELLO  
DE VIGO



## PROGRAMACIÓN DE NOVIEMBRE 2020

### Lecturas de Outono: Mostra bibliográfica

Do 1 ao 30 de novembro

Horario de apertura da biblioteca

Coa chegada do frío e a caída das follas das árbores o que máis apetece e quedarse na casa, no sofá cunha manta e lendo un bo libro. Nesta mostra poderedes atopar unha chea de historias que acontecen nesta estación do ano.

Lembrade que poderedes consultar todas as obras en sala ou levalas para casa en préstamo.

**Para todos os públicos**

### Paul Celan: Recomendación do mes

Do 1 ao 30 de novembro

Horario de apertura da biblioteca

Este mes de novembro celébrase o centenario do nacemento do poeta rumano Paul Celan. Considerado, xunto con Hans Magnus Enzensberger, o poeta en alemán máis importante da posguerra, Paul Celan estivo vinculado ao Grupo 47, ao que pertenceron Enzensberger e destacados narradores como Heinrich Böll, Günter Grass, Siegfried Lenz e Uwe Johnson.

Lembrade que poderedes consultar todas as obras en sala ou levalas para casa en préstamo.

**Para todos os públicos**

**Encontro con amara castro                      aberto o prazo de inscrición**

**Mércores, 4 de novembro ás 19.30h**

Amara Castro acompañaranos nun encontro informal cos seus lectores, unha charla amigable onde as persoas participantes poden falar e preguntar á escritora sobre a súa obra, o mundo literario ou sobre a presenza da nosa cidade dentro da súa última novela *El tiempo es suficiente* (Ed. Maeva)

**Para público adulto**

**Pasen i escoiten! Pasen i lean!. SILVERIO RIVAS. *Mente / Materia***

**Mércores, 18 de novembro ás 19.00h**

Nesta ocasión, esta lectura pública de textos ten como fío condutor a obra do escultor Silverio Rivas. As sesións están conducidas polo Voluntariado do Concello de Vigo, pero están abertas a todas aquelas persoas que desexen compartir co resto do público as súas lecturas.

**Para público xeral**

**Aforo limitado**



Biblioteca Xosé  
Neira Vilas  
Concello de Vigo

CONCELLO  
DE VIGO



**Entre arrolos e contiños.**  
**Venres, 13 de novembro ás 18.00h**

**PREVIA INSCRIPCIÓN**  
**Dende o día 2 de novembro**

Un venres ao mes grazas a Migallas Teatro os bebés comparten coa familia un momento de pracer, lonxe do ruído e os quefaceres cotiáns, despertando xa nos seus primeiros anos de vida un interese pola literatura e a tradición oral a través de contos, cancións e pequenos xogos.

**Para público infantil de 12 meses a 3 anos**

**Contos *Dakí*: María da Pontragha**  
**Venres, 27 de novembro ás 19.30 h**

**PREVIA INSCRIPCIÓN**  
**Dende o día 15 de novembro**

Contos *Dakí* é un ciclo no que nos visitan algúns dos contadores e contadoras de máis renome do panorama galego e internacional para deleitarnos cos seus contos rescatados da tradición oral, pero tamén da cotianidade que nos rodea. Son historias cheas de humor e retransca que de seguro non han deixar indiferentes a todas aquelas persoas que teñan o pracer de escoitalas. Nesta ocasión visítanos a narradora María da Pontragha.

**Para público adulto**

\*A xente interesada en participar nas actividades que precisen "previa inscrición" pode formalizar a súa inscrición a partir das 10.30 horas do día que comeza o prazo (se cadra en domingo ou festivo o prazo comezará o día seguinte laboral, sempre en horario de biblioteca. Lembra de que o luns non abrimos pola mañá). A inscrición pode facerse de forma presencial na biblioteca, mandando un correo electrónico a [bpneiravilas@vigo.org](mailto:bpneiravilas@vigo.org) indicando os seus datos (nome e apelidos, idade, teléfono e correo electrónico) ou ben a través do teléfono 986 267 759. As actividades son gratuítas e as prazas cóbrense por orde de inscrición.